Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

[Refraneiro] A

A abella e a ovella, en abril deixan a pelexa.

A adega cheira ó viño que ten.

A albarda debe ser conforme ó burro.

A auga de abril enche o carro e o carril.

A boa ama non pode estar na cama.

A cabalo regalado non lle mires o dente.

A cabra viciosa dá co corno no cu.

A castaña que está no camiño é do veciño.

A castaña, a primeira; a noz, a postreira.

A chuvia no mes de agosto non é chuvia, que é mosto.

Á curta ou á larga, todo acaba.

A mal abade, mal sancristán.

A mal tempo, boa cara.

A onde foras, fai o que viras.

A peor alancada é a da porta.

Á primeira aixadada non contes con atopar auga.

A que non tivo acariño da avoa, non sabe o que é cousa boa.

A quen lle has dar a cea non lle negues a merenda.

A quen madruga Deus o axuda.

A quen tes que acalar, non o fagas chorar.

A quen tes que agarimar, non o fagas chorar.

A regla da serradura, de cintura.

A ruín abade, ruín monaguillo.

A sombra quere ser de agosto e o sol de setembro.

A todo porquiño lle chega o seu San Martiño.

A verza a crecer e a porcelana a cocer.

A vida na aldea déalla Deus a quen a desexa.

Abade de aldea, moito canta e pouco medra.

Abade de bamba, o que non pode comer dáo pola súa alma.

Abade de moita bamba, que di que non come e ben que se farta.

Abade que comeu da ola, aínda ás veces quer da cazola.

Abade que foi monaguillo, ben sabe quen bebe o viño.

Abella e ovella, e pedra que trebella.

Abellas revoltas, tempestades ás voltas.

Abriga a neve ó trigo como abriga unha nai ó seu fillo.

Abrígate por febreiro con dúas capas e un sombreiro.

Abril a lá carda e maio leva a fama.

Abril chove para as xentes e maio para as bestas.

Abril chovedeiro, enche o cabaceiro.

Abril e maio son as chaves do ano.

Abril esfola pero maio amola.

Abril frío e fornos quentes, alegría para os meus dentes.

Abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o gando.

Abril frío quere compango, viño e pantrigo.

Abril frío trae poias de trigo.

Abril frío, moito pan e pouco viño.

Abril frío, pan e viño.

Abril mollado, malo na horta e bo no campo.

Abril para ser abril ten que vir con augas mil.

Abril pare os froitos e maio lévaos ó lombo.

Abril que non chove deixa ó labrego pobre.

Abril quente e mollado, carga o carro e engorda o gando.

Abril se por mal quere vir, inda as portas non deixa abrir.

Abril, abril, de cen en cen anos deberas vir.

Abril, atoldado e pouco mollado.

Abril, augas mil escoadas por un mandil.

Abril, augas mil peneiradas nun candil.

Abril, augas mil, senón ó comezo, ó medio ou ó fin.

Abril, o do bo durmir.

Abril, pendoril; maio,engraio e San Xoán, segaio.

Abrir para que entren na leira é facer unha estragueira.

Abrís bos e bos fidalgos, andan escasos.

Abrís e cabalaeiros, son ás veces traizoeiros.

Acá como acá, e alá como alá.

Acá e alá malas fadas hai.

Acá non me vexan pasar mal que non inferno non me verán pernexar.

Acá xa bemos o que hai, e alá, que haberá?

Aceite o de arriba, viño o do medio e mel o do fondo.

Aceite, carne, pantrigo e sal, mercaduría real.

Aceite, no alto; viño, no medio; mel, no baixo.

Aceite, o de enriba, viño, o do medio,; mel, o do fondo.

Aceite, viño e amigo, mellor canto máis antigo.

Aceitona [oliva] e fortuna, ás veces moitas e ás veces ningunha.

Aceitona [oliva], unha abonda.

Aceitona [oliva], unha é ouro; dúas, prata; a terceira, mata.

Aceitona [oliva], unha por San Xoán, e un cento por Nadal.

Aceitona [oliva], unha soa; dúas mellor e tres, peor.

Aceitona [oliva], unha; e se é boa, unha ducia.

Aceitonas [olivas] acedas, pan con elas.

Acértao ti, que cha che direi o que é / Acértao ti, que xa cho direi.

Acha tirada sirve para racha.

Achaque ó pelello que sabe ó pez.

Achaque quere a morte.

Achaque queren as cousas.

Achaque queren as malas novas.

Achega o achegador para o bo derramador.

Achégate ós bos e serás un deles.

Aconsellar non é dar.

Aconsellar non é mandar nin rogar.

Aconséllate con quen saiba, e se queres aceptar, aceptas.

Aconselloume meu pai que terque

BIBLIOGRAFÍA

FARDEL DE TRADICIÓN, CPI Daniel Monje, Navia de Suarna, Lugo, 2004.

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio, Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano, Galaxia, 3 volumes, Vigo, 1958.